



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Proxecto de interese autonómico para a factoría do deporte galego – Galicia Sports 360

Localización: concello de Mos (Pontevedra)

Promotor: Real Club Celta de Vigo, S.A.D

Órgano substantivo: Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Expediente: 2023AAE2769

O 17.2.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Avaliación Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito da Secretaría Xeral para o Deporte para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do “Proxecto de interese autonómico para a factoría do deporte galego – Galicia Sports 360” (en diante PIA), no concello de Mos. Achega o borrador do PIA e o documento ambiental estratéxico presentados polo promotor.

O interese autonómico do devandito proxecto foi declarado mediante Acordo do 10 de novembro de 2022 do Consello da Xunta de Galicia.

Unha vez revisada a documentación recibida e considerando que:

- 1 A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT) integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 22.2.b) da LOT sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica os proxectos de interese autonómico.
- 3 A LOT establece tamén (artigo 55.2) que antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental consultará as administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán nun prazo máximo de trinta días hábiles segundo o disposto no artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- 4 Este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia na tramitación e a participación cidadá.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na páxina web deste órgano ambiental **por un prazo de trinta días hábiles** o documento ambiental estratéxico e o borrador do “Proxecto de interese autonómico para a factoría do deporte galego – Galicia Sports 360”, no concello de Mos.



No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o plan ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.gal
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>)

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023